



**AGRUPACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA FEFEME TRIATLÓN DO MIÑO**  
C/ Miguel de Cervantes, 34, 5ºC. 27003 Lugo . C.I.F.: G-27268390

## XVII DUATLÓN CIDADE DE LUGO "MEMORIAL ALEJANDRO LÓPEZ"

### REGULAMENTO

#### **Organiza:**

A.D.FeFeMe Triatlón do Miño  
Email: [fefemetriatlon@yahoo.es](mailto:fefemetriatlon@yahoo.es)  
Persoa de contacto: José-Ángel Fernández Martínez  
Teléfonos: 677 577 453

#### **Colaboran:**

Federación Galega de Triatlón  
Clube Triatlón Cidade de Lugo Fluvial  
Championchipnorte  
Área recreativa "Los Robles"  
Policía Local  
Protección Civil Concello de Lugo  
Coca Cola  
Xacobeo

#### **Patrocina:**

Concello de Lugo  
Fundación Deporte Galego

#### **Data e horario da carreira:**

Domingo 13 de maio de 2007  
Dúas saídas:  
As 11:00 Categorias Femininas e Cadete Masculino  
As 11:30 Categorias Masculinas Júnior, Sub-23, Veteranos e Absoluta

#### **Distancia:**

Sprint: 5 km de carreira a pe – 20 km en bicicleta – 2,5 km de carreira a pe

#### **Inscricións:**

Para formalizar a inscrición deberase ingresar a contía de 12 euros por participante, máis 2 € en concepto de aluguer de chip aqueles que non o teñan en propiedade, na conta de "La Caixa" nº 2100 2183 50 0200128370, e enviar o xustificante xunto cos datos (nome, clube, D.N.I. OBLIGATORIO, categoría) ó Fax 982 25 13 45 ou ben por correo electrónico: [fefemetriatlon@yahoo.es](mailto:fefemetriatlon@yahoo.es), antes das 21:00 horas do día 10 de maio xoves. Os cadetes non pagarán inscrición nin aluguer de chip.

Haberá cronometraxe champion-chip, cada participante terá que aboar unha fianza de 20 € que lle serán devoltos o finalizar a carreira, ou ben poderá quedarse co chip en



## AGRUPACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA FEFEME TRIATLÓN DO MIÑO

C/ Miguel de Cervantes, 34, 5ºC. 27003 Lugo . C.I.F.: G-27268390

propiedade, o que lle permitirá participar co mesmo en calquera proba de triatlón ou atletismo organizadas co sistema de cronometraxe champion-chip. Calquera participante que teña xa en propiedade o chip de color AMARELO (non valen chips de calquera outro color) poderá correr con él, polo que deberá facer constar na súa inscrición o código correspondente que figura troquelado no propio chip non sendo necesario o pago de fianza algunha.

A inscrición tamén se poderá facer por medio da páxina Web:

[www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) (se non es usuario, debes darte de alta no apartado “rexistrarse” e seguir as instrucións para formalizar as inscricións que desexes).

**DATOS OBRIGATORIOS:** Nome, Apelidos, NIF, Data de Nacemento completa, Clube, Localidade e Teléfono.

Para calquera dúbida relativa o proceso de inscrición, podedes dirixirvos ao Teléfono **982 81 68 84**.

**Pago: O pago será automatizado e individualizado a través dun TPV VIRTUAL (pago totalmente seguro) no momento de realizar a inscrición.**

### Saída, boxes e meta:

No aparcamento situado o lado do “Estadio Anxo Carro”.

### Recollida de dorsais:

Na carpa de organización (aparcamento “Estadio Anxo Carro”) de 09:30 h. a 10:30 h.

### Control de material:

De 10:00 h. a 10:45 h.

### Premios:

- Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.
- Premios económicos
  - 1º clasificados Abs. masculino e feminina 180,00 €
  - 2º clasificados Abs. masculino e feminina 120,00 €
  - 3º clasificados Abs. masculino e feminina 80,00 €
  - 1º clube masculino e feminino 150,00 €
  - 2º clube masculino e feminino 100,00 €

O importe do premio económico individual se lle practicará unha retención do 15% en concepto de I.R.P.F.

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo do XVII Duatlón Cidade de Lugo

### Normas de competición

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega de Triatlón.





**AGRUPACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA FEFEME TRIATLÓN DO MIÑO**  
C/ Miguel de Cervantes, 34, 5ºC. 27003 Lugo . C.I.F.: G-27268390

## **XVII DUATLON CIDADE DE LUGO** *"MEMORIAL ALEJANDRO LÓPEZ"*

### **RUTÓMETRO**

Data de celebración: domingo 13 de maio de 2007

Horario da proba

Saída proba feminina e cadetes masculino as 11:00

Saída proba masculina Júnior, Sub-23, veteranos e Absoluta as 11:30

Hora de remate da proba: 12:55 horas aproximadamente.

A proba comezará ás **11:00 horas**. A saída será diante do aparcamento do estadio Anxo Carro.

O primeiro sector que consistirá en 5 km de carreira a pé discorrerá pola Avenida da Fábrica da Luz en dirección o parque da feira exposición onde se completarán dúas voltas ó circuíto segundo croques adxunto.

Os primeiros duatletas completarán este primeiro sector en aproximadamente 16 minutos; os últimos emplearán aproximadamente 30 minutos.

O segundo sector, de 20 km de carreira en bicicleta, comezará ás **11:16 h.** saíndo do aparcamento do estadio Anxo Carro, xirando a esquerda antes do centro comercial Carrefour en dirección á Estrada de Ombreiro, dando a volta a altura da estación elevadora de augas, para voltar de novo o punto de partida baixando por diante da área recreativa Os Robles; este percorrido haberá que completalo tres veces.

Os duatletas de cabeza completarán o percorrido aproximadamente as **11:54 h.** e os da cola ás **12:38 h.** Chegarán a boxes para deixar a bicicleta e iniciar o terceiro sector.

O terceiro sector de 2,5 km a pé, farase dando unha volta o mesmo circuíto do primeiro sector. Os primeiros rematarán a proba ás **12:03 h.** e os últimos ás **12:55 h.**

